

ACTA DAS SESIÓNS CELEBRADAS POLO TRIBUNAL CUALIFICADOR DAS PROBAS SELECTIVAS PARA UNHA BRIGADA DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS DO EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO: 1 CONDUTOR DE TRACTOR

Na Casa do Concello de Mondoñedo, sendo as oito e trinta horas do día 21 de xuño de 2021, constitúese o Tribunal cualificador e procédese a realizar a baremación do concurso do PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA UNHA BRIGADA DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS DO CONCELLO DE MONDOÑEDO: 1 CONDUTOR DE MOTONIVELADORA, 1 CONDUTOR DE TRACTOR E 5 PEÓNS FORESTAIS.

No día da data realízase a baremación de todos os postos.

Remátase a baremación ás 14:30 h.

No Local Social da parroquia de Masma, situado en A Seara (A Retorta), sendo as dez horas do día 22 de xuño de 2021, reúnese de novo o tribunal para levar a cabo a fase de oposición de condutor de tractor. Ás 10:20 desprázase o tribunal a finca obxecto da proba de oposición no lugar de Vilar, na parroquia de Masma. A proba comeza ás 10:35 h e remata ás 11:57.

Antes de comezar a proba realízase o sorteo público da letra a partir da cal, se fará o desempate, no caso de ser necesario, tal e como establece a base oitava de convocatoria, resultando ser a letra "Y".

Preside todas as sesións D.^a M.^a Esther Otero González (Responsable da Oficina de Información Xuvenil). A Secretaria do tribunal é D.^a Sonia María Fraga Otero (Traballadora Social do Concello de Mondoñedo). Asistindo como vogais, Manuel Alonso Alonso (empregado da brigada de obras), Alberto Pérez Cuba (empregado da brigada de obras) e D. José Manuel Otero Corral (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local).

Unha vez realizada a proba da fase de oposición, advírteselles da realización da proba de galego, polo que os candidatos/as que teñen a obriga de realizala, renuncian ao dereito de que transcorran 48 h entre a proba práctica e a proba de galego.

Ás 12:20 h. no Salón de Plenos da Casa do Concello cítase aos candidatos/as que superaron a proba anterior, para a realización da citada proba de galego.

Ás 12:50 h. remátase o proceso selectivo.

Realizada en sesión non pública a baremación dos méritos acreditados polos candidatos/as admitidos/as, segundo o estipulado nas Bases da Convocatoria e unha vez realizada a proba practica, así como a proba de galego, obtívose o resultado seguinte:

RESULTADO DA BAREMACIÓN E FASE DE OPOSICIÓN DE CONDUTOR DE TRACTOR:

CONDUTOR TRACTOR					
Apelidos e Nome	DNI	CONCURSO (Máx. 8 pts)	PROBA OPOSICIÓN(Máx. 12 pts)	PROBA GALEGO	TOTAL
DÍAZ INSUA, JAVIER	***5744**	0,27	11,00	CELGA 4	11,27
MARTÍNEZ GONZÁLEZ, HÉCTOR	***8503**	0,00	10,00	APTO	10,00
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, ÁNGEL	***4407**	0,44	7,00	APTO	7,44
MASIDE PÉREZ MANUEL	***0801**	0,05	7,00	APTO	7,05
RÍO VALLE, JOSÉ LUIS	***3153**	0,00	7,00	CELGA 4	7,00

Á vista do resultado da baremación o Tribunal Cualificador acordou propoñer como aprobado para cubrir un emprego de condutor de tractor a **D. JAVIER DÍAZ INSUA** con **DNI ***5744****.

E para que conste, aos efectos oportunos, esténdese a presente acta que en proba da súa conformidade asinan os membros do Tribunal Cualificador, e de todo o que, como secretaria, certifico.



Handwritten signatures in blue ink of the members of the Qualifying Tribunal and the secretary.